



Equipe de Dinamización da Lingua Galega

iE'S Urbáno Lugris - ZALPICÁ

PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO

CURSO 2013 – 2014

O IES Urbano Lugo de Malpica, neste curso 2013-14, está conformado por un claustro de 24 profesores e profesoras, 146 alumnos, 1 auxiliar administrativa e 1 conserxe; hai unha ANPA oficialmente constituída e mantéñense contactos ao longo do ano con distintas Institucións, Entidades e Centros Educativos da contorna máis ou menos próxima.

Constitución do EDLG

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) , renovouse ao comezo deste curso académico 2013 - 2014, quedando integrado polos seguintes membros:

- **M^a Carmen Otero Sánchez - Coordinadora** (PT, Departamento de Orientación, membro do equipo de Biblioteca e Coordinadora de Formación)
- **Dulce Fernández Graña** (Departamento de Lingua e Literatura Galegas, Coordinadora do Equipo de Biblioteca)
- **Pedro Martínez Casillas** (Departamento de Música)
- **Santiago Molina Álvarez** (Conserxe)
- **Mar Costa Suárez** (4^o A)
- **María Moscoso Veiga** (4^o B)
- **Alberto Hombre Barca** (3^o A)

Establécese o 1^o recreo dos venres como hora probable de reunión entre os seus compoñentes para cando fose preciso informar, organizar, consensuar, etc as distintas actividades ou propostas que xurdan ao longo do curso.

Estudo Sociolingüístico do Centro

O IES Urbano Lugo de Malpica de Bergantiños recolle un alumnado procedente por unha parte do medio urbano de Malpica e Buño e por outra do medio rural que abrangue o resto do concello. Presenta unha realidade sociolingüística diversa atendendo aos diferentes sectores que conforman a comunidade educativa. Así como a práctica totalidade do alumnado é galegofalante (agás contados casos de alumnos/as inmigrantes), no profesorado obsérvase unha práctica docente do 50% en galego e 50% en castelán. Todo o PAS é quen de falar galego.

Os cuestionarios realizados dentro do Proxecto Lingüístico para determinar a situación de partida de cara ás actuacións de planificación lingüística no centro revelan que na contorna sociolingüístico do centro predomina o galego de forma clara, á vista dos seguintes datos:

- No contexto sociolingüístico do centro predomina o uso da lingua galega.
- A dispoñibilidade do profesorado para impartir docencia en galego é BOA.
- A presenza do galego na vida do alumnado é BOA.
- A presenza ambiental do galego no centro é BOA.

Obxectivos

- Acadar a presenza normalizada da lingua galega nos diversos aspectos da vida educativa acorde coa realidade galegofalante do alumnado deste centro e cos obxectivos da Normalización Lingüística no ensino.
- Obter e difundir información sobre os recursos que a Administración Educativa e outras Institucións poñen á nosa disposición para fomentar e/ou enriquecer o uso da lingua galega en todos os ámbitos.
- Promover a realización de actividades interdisciplinares abertas ao entorno e á comunicación intercentros, que contribúan ao coñecemento e divulgación de experiencias enriquecedoras.
- Favorecer a presenza da lingua galega no uso das novas tecnoloxías da información e comunicación.
- Manter e aumentar a implicación do profesorado no uso do galego en todos os ámbitos e o traballo en equipo.
- Conseguir do alumnado e do conxunto da comunidade educativa un incremento positivo na súa autoestima e na valoración positiva da súa lingua que os afiance como galegofalantes.
- Continuar na liña de coherencia lingüística acadada no uso do galego dentro do centro como lingua de comunicación administrativa.

Actividades Temporalizadas

PLURIANUAIS:

A partir das recentes obras de restauración xeral e pintura dos corredores e outros espazos do centro; xorde, dende o D. de Orientación, a idea de deseñar e crear un mural permanente e ben visible que recolla as experiencias e actividades destacadas levadas a cabo polos distintos

departamentos didácticos ao longo de varios cursos académicos. Baixo o lema **“MOVÉMONOS”**, iríase configurando o testemuño da historia do centro para as xeracións presentes e futuras, contando coa implicación de toda a comunidade educativa e a colaboración doutras entidades e organismos da contorna máis ou menos próxima.

DURANTE TODO O CURSO:

- Recabar material videográfico, fotográfico, bibliográfico e discográfico (centralizado na biblioteca) relativo a diversos aspectos da cultura galega, para ser utilizado como material didáctico, de consulta ou de ocio, nas diferentes áreas (Sociais, Lingua e Literatura Galegas, Plástica, Música, Ciencias Naturais, etc.) ou individualmente polo alumnado e profesorado.
- Conseguir información sobre concursos e actividades que se convoquen e teñan relación coa lingua e a cultura galega; informar o alumnado e animalo a participar e divulgar os eventos.
- Implicarse na actualización constante da páxina web do Instituto, recentemente revisada; así como no blog da Biblioteca.
- Continuar colaborando con toda a comunidade educativa na corrección e elaboración de textos en galego, nos programas radiofónicos que se emitan en aberto, na elaboración de audiovisuais, etc..., para acadar a normalidade lingüística que todos perseguimos.
- Colaborar co centro nas conmemoracións propostas cada ano pola Consellería de Educación e outras organizadas dende os distintos departamentos didácticos.
- **Calendario 2013-2014:** En colaboración co Departamento de Lingua e Literatura Galegas, o alumnado de 4º de Diversificación elaborará un calendario por meses do curso 2013-2014. Será ilustrado con diferentes motivos da arte e cultura galegas, recollerá o santoral traducido ao galego con espazo libre para ser utilizado como “planning”. Será repartido polas aulas, conserxería, sala de profesores... .
- **Obradoiros artístico-literarios:** Recibiremos novamente, en colaboración coa Biblioteca e o Departamento de Lingua e Literatura Galegas, diferentes artistas e escritores galegos para realizar co alumnado diversos obradoiros de: banda deseñada, poesía, hip-hop e regueifas.

1ª AVALIACIÓN

Magosto/Samaín/Halloween: Dado o éxito acadado na pasada edición, seguiremos celebrando conxuntamente estes eventos, tratando de conectar e darlle sentido ás distintas manifestacións inter- culturais desta festividade outonal. En colaboración cos Departamentos de Lingua galega, castelá, inglesa e francesa e a Biblioteca, organizamos concursos con premio de: cabazas, sobremesas e relatos de terror; os gañadores, no caso dos relatos, len na biblioteca ou a radio os seus contos e reciben o agasallo. Nos días previos, decórase o centro e ao remate do día escollido para a celebración, os maiores asan as castañas, que traen os alumnos das súas casas, en grellas cedidas polo Concello

Nadal: En colaboración cos D. das distintas linguas, incluído o Latín, convocarase un concurso de tarxetas de Nadal en formato manual e dixital. O último día de clase de decembro entregaranse os premios. En colaboración co Dep. de Música e a Biblioteca, organizaranse pequenos concertos para o final da mañá, a cargo dalgúns alumnos e alumnas; temos no centro bastantes deles que asisten ao Conservatorio ou forman parte de grupos musicais diversos de instrumental e canto; consideramos que é unha oportunidade de mostraren a súa arte a todos nós, ao tempo que contribúen a manter e enriquecer o noso patrimonio musical. En distintas quendas de grupos ao longo da mañá, farase coincidir o visionado dunha película na biblioteca, coa visita ao museo Melga de Ponteceso.

2ª AVALIACIÓN

Entroido: En colaboración con todos os departamentos, organizaremos no centro un gran festival. Os rapaces e rapazas decorarán nos días previos e o día do festival traen das súas casas sobremesas típicas de carnaval que se degustarán posteriormente ao desfile de disfraces ou comparsas no que se cantarán coplas de Entroido. Haberá premios para os participantes.

Día de Rosalía/Homenaxe ao escritor Manuel María: Para conmemorar o X aniversario da morte de Manuel María, a biblioteca “Manuel María” do noso centro, quere crear unha sección específica a el adicada, que de xeito permanente ofrezca aos usuarios unha lembranza da súa vida e obra. Coincidindo co Día de Rosalía, o 24 de Febreiro, organizaranse diversos actos: lecturas radiofónicas, representacións teatrais, espectáculo de maxia, exposicións, ... ; que dean a coñecer a vida e obra destes dous escritores galegos e a importante repercusión no panorama cultural e social de Galicia.

3ª AVALIACIÓN

Revista Ardora nº 14: Poñeremos en marcha a elaboración dun novo número da revista *Ardora* grazas aos traballos literarios, artísticos, informativos, divulgativos, de investigación, etc do alumnado e profesorado. Esta revista serve por unha banda, para promover o uso das TIC e por outra, como canle de comunicación entre a comunidade educativa e a contorna próxima pois faise chegar en Setembro a profesores, familias, e institucións educativas e doutro tipo relacionadas connosco.

Semana das Letras Galegas: En colaboración co Departamento de Lingua e Literatura Galegas e a Biblioteca organizaremos actividades relacionadas co escritor homenaxeado este ano 2014, Xosé María Díaz Castro. Colgaremos carteis informativos e daremos a coñecer a súa obra mediante lecturas, representacións e proxeccións audiovisuais.

Como en anos anteriores, convocarase un Concurso Literario de Narración aberto a todos os centros educativos da contorna.

Correlingua / Percorrido pola Coruña Galeguista: O alumnado de 3º e 4º ESO participará no *Correlingua*, actividade de potenciación da lingua galega organizada dende a ASPG e outros organismos, que se celebrará na Coruña en maio de 2014.

Logo do xantar, farase un percorrido poético-floral polos lugares emblemáticos do galeguismo coruñés e o camposanto de Santo Amaro. Esta actividade levarase a cabo en colaboración cos Departamentos de Lingua e Literatura Galegas e Xeografía e Historia.

Asdo.:

Coordinadora EDLG, Mª Carmen Otero Sánchez,

Vº e prace, a Directora: Dª María Dolores Paz Queiruga

Malpica de Bergantiños, 10 de febreiro de 2014

TEMPORIALIZACIÓN	TÍTULO ACTIVIDADE	RESPONSABLE/S E DEPARTAMENTO/S AO/S QUE REPRESENTAN	DESTINATARIOS/AS	ORZAMENTO EN €	MATERIAL NECESARIO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES
PLURIANUAL	“MOVÉMONOS”	EDLG, D.Or., o resto dos departamentos	Toda a comunidade educativa	350	Soportes, vinilos e marcos para decoración permanente, fotos, fotocopias, ...
ANUAIS	Adquisición de Fondos e Recursos	EDLG, D.Extraescolares-Biblioteca	Toda a comunidade educativa	300	Libros, Revistas, Xogos, vídeos, vídeoxogos...
	Difusión de Información	EDLG	Toda a comunidade educativa	100	Fotocopias
	Calendario	EDLG, D. L.L.Galega	Toda a comunidade educativa	30	Fotocopias
	OBRADOIROS B. Deseñada, Regueifa, Poesía, Hip-Hop	EDLG, D.Extraescolares-Biblioteca	Alumnado	900	Relatores, Material funxible *subvencionado nunha ¼ parte por Contratos Programa
1ª AVALIACIÓN	Magosto/Samaín/Halloween	EDLG, ANPA, D. Extraescolares-Biblioteca e todos os Dep. de linguas	Toda a comunidade educativa	70	Material funxible para decoración, premios
	Nadal	EDLG, D. Extraescolares-Biblioteca e todos os Dep. de linguas	Toda a comunidade educativa	400	Autobuses, Material Funxible e Premios

2ª AVALIACIÓN	Día de Rosalía/Homenaxe ao escritor Manuel María	EDLG, D.Extraescolares-Biblioteca Dep. de L.L.Galega	Toda a comunidade educativa e o entorno	550	Actores, Material funxible e Permanente para decoración
	Entroido	EDLG, ANPA, todos os departamentos	Toda a comunidade educativa	150	Material funxible para disfraces, decoración e Premios
3ª AVALIACIÓN	Revista <i>Ardora</i> nº 14	EDLG, todos os departamentos	Toda a comunidade educativa, entidades da contorna e outros centros de ensino	900	Imprenta, Fotocopias, ... • Solicitada impresión gratuíta no C. Calvo Sotelo dependente da Deputación da Coruña
	Semana das letras galegas	EDLG, D. Extraescolares-Biblioteca, L.L. galega	Toda a comunidade educativa, centros da Comarca	100	Material funxible de decoración, difusión; Fotocopias, fotos, e premios
	Correlingua Percorrido pola Coruña galeguista	EDLG, D. Extraescolares L.L. galega e X.Historia	Alumnado e profesorado de 3º e 4º da ESO	400	Transporte, material funxible para elaborar as pancartas, fotocopias e flores

***Responsables: Departamentos e Xefes de departamento colaboradores:**

Coordinadora EDLG: Otero Sánchez, Mª Carmen

D. Lingua e Literatura Galegas e Coordinadora de Biblioteca: Fernández Graña, Dulce María

D. Música: Martínez Casillas, Pedro Pablo

D. Actividades Extraescolares: Gómez Padilla, María Milagros

Outros Departamentos:

D. Plástica: Díaz Salgueiro, Miguel Angel

Tecnoloxía: Alonso Castro, Covadonga

Educación Física e Deportiva: Rodríguez Álvarez, Emilio

Ciencias Naturais: Rúa López, Marta

Xeografía e Historia: Lema Martínez, Sonia

Lingua e Literatura Castelá: Lamas Noya, Rosa María

Inglés: Rodríguez Hevia, Ángeles e Taboada Corral,
Luisa

Francés: Trillo Trillo, Milagros

Física e Química: Mazas Brandariz, Diego

Relixión: Martínez López, Josefina

Matemáticas: Gusano Rodríguez, Maite

Orientación: Lema Agra, Aurora